

A presentación das diferentes obras no catálogo en base a debuxo, imaxe e texto, fai case obrigada esta introdución que serva para facer máis fluída a lectura dos textos que acompañan a cada obra. A revisión cronolóxica do traballo, resaltando cada ano e cada serie dende 1993 coas primeiras obras ata a actualidade, fai visible un proceso de evolución. A obrigada ollada atrás permite clarificar as ideas sempre presentes e insistentes, o proceso na modelaxe do espazo construído que se asentou dende sempre na maqueta, na miniatura, na escala. O establecemento de series como *Construíndo o descanso*, *Asepsia*, *Aséptico*, *Magnífico Espazo*, *Adosados*, que teñen como cumio os *Espazos Terapéuticos*, nos que os textos son introducidos nos Folletos que forman parte da obra.

Así cada texto presentará unicamente a calidade máis destacada de cada obra. O atributo introducido en cada peza é un punto no discurso que me leva a descubrir a existencia de dous lugares visitables, o país desperto e o país soñador. Eu visito os dous lugares, penso coñecer mellor o país desperto, pero é o soñador o que me descubre a estética que represento. A realidade virtual é finalmente a que me permite visualizar con claridade os lugares híbridos nos que me movo; por isto as claves real-virtual, modelo-imaxe, vixilia-sono son eixos fundamentais para entender os espazos creados.

Quero falar da cama, do dormitorio, xa que este é o meu primeiro punto, arredor do que medran as outras estancias. A cama é o *punto aquí*, cun dobre significado, como xerador de espazo e como médium entre a vixilia e o sono. A cama é a orixe, despois veu o cuarto, a escala, medraron as paredes, a porta, a ventá,. Na análise das múltiples combinacións que eu fago destes elementos está a esencia do meu traballo. O dormitorio que comezou sendo un espazo máis onírico foise concretando en Cuarto de Hotel, combinando a unidade de descanso e aseo, aínda que nunca perdeu a idea orixinaria de imaxe soñada, por isto, os Espazos Terapéuticos non teñen unha natureza concreta e ábreanse tamén a Hospitais, Balnearios...

Unha última referencia ó texto. O texto/folleto quere ser neste catálogo o punto de diálogo entre a escultura e a arquitectura, a presentación de Espazos Terapéuticos que acaban sendo Produtos Terapéuticos Personalizados.

Cuartos da Loucura 1993

A natureza concentrada é metida dentro dun cuarto. As margaridas son a natureza e a loucura. As margaridas son o paso do natural ó artificial, feito este paso todo será artificial. O cuarto é enorme, distorsionado, é unha imaxe soñada. Non hai ventá, non

hai exterior, este está por todas as paredes. A porta está ó fondo do cuarto e dá unha referencia das dimensións deste, a saída é alongada. A cama está desubicada.

O punto de vista do espectador é o que marca a visualización da totalidade. O gravado foi o medio que me permitiu acadar a imaxe dos sonhos. Capturada esta imaxe tiña xa o Control Total sobre o Espazo Construído.

Espazo Infinito 1994

O amarelo é para min a cor da loucura. Unha superficie amarela de 100 x 35 cm, unha cama de 7 x 4,5 cm. A colocación da cama sobre o a superficie delimitada xera un cuarto, aínda que non hai porta nin ventá. Se colocamos a cama no centro da superficie a referencia espacial é de grandes dimensións, infinita. A cama é para o espectador case inaccesible, mentalmente difícil de acadar ou imaxinar o descanso. Se movemos a cama pola superficie a concepción do espazo vai cambiando: un cuarto enorme coa cama na esquina, un pequeno espazo que pertence á cama e pecha un pequeno cuarto, unha cama nun corredor, a soidade no inmenso; todos eles descansos imposibles.

Construíndo o descanso 2 1995

Localizado o lugar dormitorio, ou o recoñecido como tal como resultado do espazo aprendido, o desenrolo tridimensional é o seguinte paso. A percepción do espazo habitado introduce outros elementos que o sitúan na edificación en altura e no diálogo con outros cuartos. Estamos rodeados doutros cuartos e doutros humanos que os habitan, aínda que o noso é o punto central da percepción. A construción do descanso segue tornándose imposible, neste caso a cama e as paredes que a delimitan son cruzadas por goma elástica. A suspensión da cama na fragilidade da goma é a fragilidade do descanso, do anuncio do pesadelo ou da imposibilidade. As paredes en tensión poden deformarse pola súa elasticidade.

Construíndo o descanso 3 1995

Mentres *Construíndo o descanso 2* precisa o espazo, *Construíndo o descanso 3* incide sobre o construír. Dúas aspas, como títere, como xogo de construción, sosteñen unha cama amarela. Cama ingrátida pero ao fin segura no seu intento de aguantar na tensión. Non hai chan, nin teito, nin porta nin ventá, explícitos, pero todos estes elementos adivíñanse aí, de feito están aí, senón a maxia da ingravidez non sería posible.

Asepsia 1 1996

Os lugares de depuración, de terapia, comezan a presentarse. Son primeiramente conceptos abstractos que refiren á medicina, pero tamén á limpeza, a frialdade, á perda da paixón. *Asepsia 1* é a concreción deste estado nun cuarto: paredes de aluminio

branco, bolas azuis no chan que limpan -pero que tamén acumulan a sucidade nunha asepsia imposible- dúas portas marcan un recorrido. O método aséptico conséguese co recorrido claramente marcado. Comeza así con claridade a presentación dos espazos que precisan dun recorrido mental. O espectador entrará no proceso aséptico coa súa mente, e sentirá os efectos deste xa que ten aprendido. Isto non sería posible sen a visualización total da obra coa redución de escala. Os espazos seguen pendurando, penduran do teito de cintas de nailon, a vibración está presente cada vez que a obra percibe o mínimo movemento.

Aséptico 1 1997

O espazo aprendido

Para poder ter unha referencia espacial precisamos dunha aprendizaxe que se produce ó longo da nosa vida. É especialmente a casa da nenez a que marca o referente e a percepción futura. Cando eu comecei a proxectar espazos os cuartos que xurdiron foron os da primeira casa, debuxada esta aparece a evidencia: a preferencia polos cuartos amplos, as portas aliñadas, a simplicidade e a simetría. En definitiva a estrutura de planta cadrada da vivenda rural galega.

Os espazos creados

Aséptico 1 recolle a miña memoria. Dous únicos cuartos comunicados que obrigan a un recorrido de ida e volta. A imaxe da memoria coincide coa realidade, xa que a casa da nenez é a combinación de dous únicos cuartos. Pero a coincidencia entre o real e a memoria non simplifica o proceso de creación, a imaxe creada é unha deformación da memoria que transforma os dous cuartos, un en corredor e potencia ó outro como dormitorio.

Magnífico Espazo 1 1997

Un eloxio do espazo é construílo Magnífico; e aquí un Espazo Magnífico. Un pequeno corredor, unha porta e un cuarto octogonal. A combinación da forma e a nobreza do material, azulexo, son o que o fan Magnífico. Todo é posible neste lugar cheo de referencias, a mente pode atopar refuxio e tranquilidade na súa forma uterina. Aquí non hai tempo.

Somniurizado 1, 2 1997

Somniurizado 1 e Somniurizado 2 son dúas respostas a unha mesma idea: o espazo preparado para durmir. A construción dun espazo insonorizado, propicio para o somnio. Somniurizado 1 reproduce o momento previo ao sono, situación favorable para que este se produza.

Somniurizado 2 describe o dormitorio cando xa estás durmido. Que o cuarto se volva macizo, para que nada perturbe o sono, é unha sensación ideal para o que dorme, pero claustrofobia para a persoa que estea esperta.

Adosados 3 1997

A obra Adosados 3 representa un edificio de 12 pisos con catro vivendas por planta, localizado nunha avenida e que comparte cos edificios laterais o patio de luces. Eu vivín neste edificio 3 anos, no piso 3º C.

A cama, un total de 27 (13 de cor branca e 14 de diferentes cores) é o moble a través do que se descobre o interior do edificio. Repetidas en cada un dos pisos, parten todas do primeiro, resaltando un dormitorio en cada nivel. Todas as camas son cruzadas por goma elástica que recorre verticalmente todo o edificio. A colocación de cada cama nos dormitorios é o diálogo buscado entre superficie, cama, porta, ventá. A repetición da distribución de todas as vivendas é a repetición de todos os descansos, un dormitorio enriba doutro, un descanso enriba doutro: cuartos iguais pero descansos diferentes.

A extrema redución de escala 1:14 permite visualizar esta totalidade, algo imposible noutro medio de representación espacial. Un edificio, 12 pisos, 48 vivendas, 2 niveis X dos que parten as gomas (os lugares ocultos dos edificios), -1 garaxes, 0 entrada, +1 trasteiro, +2 teito e ceo.

Construíndo o descanso, amarelo, verde, gris, 1998

Unha mesma superficie de dormitorio, a mesma colocación da cama, o cambio de cor, porta e ventá, son os elementos de análise. A visión dos cuartos en planta reflexa o descrito. A edificación en altura faise presente na repetición do esquema do cuarto na parte inferior, baleiro, branco. O espazo intermedio está ocupado por resortes, estes recollen calquera tipo de movemento e fan que a cama non poida estar case nunca quieta. É especialmente significativo ese pequeno movemento, case imperceptible, pero suficiente para manifestar o mareo. O pequeno esvaecemento, desmaio, que nunca se chega a producir. Unha vez máis o reflexo da inestabilidade espacial e por extensión corporal e mental. Os espazos construídos captan estas pequenas vibracións vitais, están guiados polo espazo aprendido e así conseguen introducir o tempo no espazo que pechan.

Dormitorios Terapéuticos Prototipo para Galicia 2000

O Control Total sobre o espazo inclúe unha nova variable a ter en conta: a creación de Espazos específicos, personalizados, neste caso para Galicia. A influencia da tradición popular galega na miña obra está presente na imaxinación abarrocada que se plasma nas

cores vivas e planas. DT Prototipo para Galicia 2000 son dous cuartos de Hotel: un en harmonía dos verdes aos azuis, e outro guiado polas cores libres da expresión popular. Estes Dormitorios Terapéuticos teñen baixo o seu chan unha superficie de terra que, ademais de lembrar o sentimento que nos arraiga a esta, modifica a percepción do que se atopa baixo o chan na edificación en altura.

Comunidade en Vermello, CV02

O Espazo Vermello delimitado contén modelos MIT, MCT, MIV, MCV.: Módulo Individual de Terapia, Módulo Colectivo de Terapia, Módulo Individual de Visión, Módulo Colectivo de Visión. Todos xuntos forman unha comunidade dunha cor determinada, Comunidade Vermella, que nos leva do Vermello ao Rosa, pasando polo Laranxa, Fucsia, Amarelo.

Dormitorios Terapéuticos DT 1999

Son os primeiros espazos terapéuticos e o primeiro produto da empresa ComfortWorld, empresa que eu creo para presentar estes espazos. Incorporan algo máis, un folleto de referencia publicitaria que forma parte da obra e que presenta as cualidades da nova xeración de espazos e da empresa creada.

Os espazos terapéuticos introducen a cualidade terapéutica na rixidez xeométrica dos espazos arquitectónicos, esta conséguese a través da modelaxe total dos elementos de construción, forma, medida, escala, cor, porta , ventá, cama. Neste caso dous dormitorios a escala 1:12 colgados do teito a 120 cm do chan, un é verde e o outro laranxa. No espazo a cama é o elemento que permanece inalterable, cambiando a cor e a posición de porta e ventá.

Cápsulas Terapéuticas CT 1999

Na procura da modelaxe total do espazo as CT supoñen un gran avance, o paso da maqueta á maqueta plana, coas vantaxes que isto supón. O espazo debe ser usado polo espectador seguindo o folleto de instrucións. O paso da maqueta á maqueta plana resolve unha cuestión artística que pecha un proceso.

Pintura Instalación Maqueta Maqueta plana Pintura.

A instalación fai posible un antigo desexo da pintura , o acceso ao interior dunha imaxe. A maqueta toma todas as cualidades desenvoltas pola instalación, volta ao espazo do cadro e presenta un espazo reducido que fai posible a visión dunha totalidade.

As CT son xa cuartos de hotel que combinan unidade de descanso e aseo, o que potencia o illamento e fai máis eficaz a terapia, esta actúa dun xeito efectivo mentres durmimos.

Terapia Lugar de Felicidade TLF 2000

Este proxecto concentra a teoría do paso da maqueta á maqueta plana. As maquetas planas tamén se poden chamar pezas souvenir da magnífica obra presentada. Evidentemente non é o mesmo unha maqueta plana que unha maqueta.

TLF acada dous obxectivos importantes: descubre a fórmula da felicidade, esta é reducida, e supón un gran avance na modelaxe do espazo, as maquetas planas. Propón iniciar viaxes que nos leven do rosa ao vermello.

Cápsulas MAMA 2002

Son maquetas planas que teñen forma de ovo. Conteñen no seu interior as unidades de aseo e descanso, a distribución interior desta célula quere ser un interior perfecto, protector, uterino, que acompañe ao usuario dándolle protección, consegue o anelado rexuvenecemento. As Cápsulas MAMA son o paso dos espazos terapéuticos aos produtos terapéuticos personalizados. Inciden sobre a resolución artística:

maqueta plana = pantalla, pantalla= ventá, ventá = cadro, maqueta plana = cadro

Os traballos recentes incorporan unha novidade: o amoblamento do baño, con váter, lavabo e piscina. A investigación sobre espazos futuristas fai recoñecer a necesidade destes mobles.

Cinco Terapias Combinables 5TC 1998-2002

5 cores e 5 tratamentos que combinados son a terapia total. O folleto que as acompaña presenta as magníficas cualidades. do produto.

A permanencia de ComfortWorld como empresa que produce merece unha lectura. ComfortWorld pretende o control total do individuo a través da comercialización dunha nova xeración de espazos. Unha gama completa de terapias para unha nova forma de vida. Esta forma de vida perfecta disfrazada de felicidade e benestar na que todo sufrimento está baixo control pode ser recoñecida na vida presente, o futuro faise presente e asimilable. Achegarse tanto a este extremo de control pode poñer en perigo o equilibrio dos novos tipos de vida, por isto todos os espazos terapéuticos son tamén unha crítica á sociedade na que vivimos rexida pola globalización, o consumismo, e a manipulación do pensamento.